



I.E.S. MONCHO VALCARCE  
Rúa José M<sup>a</sup> Penabad López s/n  
15320 As Pontes  
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748  
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



As Pontes, 12 de xuño de 2014

Estimadas nais/pais

Achegámoslles a seguinte información referente ao remate de curso:

O último día lectivo será o **venres 20 de xuño con horario de 08:30 a 13:30 horas**.

O alumnado terá clase as tres primeiras sesións e despois será trasladado á Casa Dopeso para asistir a unha representación teatral (xúntase a esta circular a correspondente autorización). Ás 13:30 horas rematará a actividade lectiva e sairá o transporte.

A entrega de notas para todo o alumnado será o **xoves 26 de xuño ás 11:00 horas** (ese día xa non haberá servizo de transporte escolar). Ao alumnado con tódalas materias superadas seralle entregado tamén o sobre de matrícula para o próximo curso, e aos que teñan materias suspensas seralle entregado un calendario coas datas dos exames de setembro.

As datas de matrícula para o alumnado con tódalas materias superadas serán as seguintes (en horario de 09:00 a 14:00 horas):

30 de xuño	1º ESO
1 de xullo	2º ESO
2 de xullo	3º ESO
3 de xullo	4º ESO
4 de xullo	1º BAC
7 de xullo	2º BAC

Comunicámoslles tamén que o próximo 30 de xuño cesa nas súas funcións a actual dirección do centro, polo que aproveito esta ocasión para agradecerlles en nome do equipo directivo a colaboración prestada nos últimos catro cursos e trasladarlles os meus mellores desexos de cara ao futuro.

Sen outro particular, reciban un cordial saúdo.

O Director do IES Moncho Valcarce

Asdo.: Manuel Ángel Pita Alonso



I.E.S. MONCHO VALCARCE  
Rúa José M<sup>a</sup> Penabad López s/n  
15320 As Pontes  
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748  
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



As Pontes, 12 de xuño de 2014

Estimadas nais/pais

Achegámoslles a seguinte información referente ao remate de curso:

O último día lectivo será o **venres 20 de xuño con horario de 08:30 a 13:30 horas**.

O alumnado terá clase as tres primeiras sesións e despois será trasladado á Casa Dopeso para asistir a unha representación teatral (xúntase a esta circular a correspondente autorización). Ás 13:30 horas rematará a actividade lectiva e sairá o transporte.

A entrega de notas para todo o alumnado será o **xoves 26 de xuño ás 11:00 horas** (ese día xa non haberá servizo de transporte escolar). Ao alumnado con tódalas materias superadas seralle entregado tamén o sobre de matrícula para o próximo curso, e aos que teñan materias suspensas seralle entregado un calendario coas datas dos exames de setembro.

As datas de matrícula para o alumnado con tódalas materias superadas serán as seguintes (en horario de 09:00 a 14:00 horas):

30 de xuño	1º ESO
1 de xullo	2º ESO
2 de xullo	3º ESO
3 de xullo	4º ESO
4 de xullo	1º BAC
7 de xullo	2º BAC

Comunicámoslles tamén que o próximo 30 de xuño cesa nas súas funcións a actual dirección do centro, polo que aproveito esta ocasión para agradecerlles en nome do equipo directivo a colaboración prestada nos últimos catro cursos e trasladarlles os meus mellores desexos de cara ao futuro.

Sen outro particular, reciban un cordial saúdo.

O Director do IES Moncho Valcarce

Asdo.: Manuel Ángel Pita Alonso